

fiot **31**
CARBALLO

Festival Internacional
Outono de Teatro 2022

DO 30 SET AO 31 OUT



#VocesFIOT

www.fiot.gal



VocesFIOT son as voces singulares, as das compañías e creadores que buscan e reivindicán unha identidade característica e propia, que exploran unha linguaxe artística que as identifica, que teñen a cobiza de atopar outras canles de comunicación co público. Con este lema, reivindicamos a ambición do Festival Internacional Outono de Teatro de atopalas, de visibilizalas e de construír con elas, xunto a elas, o noso discurso.

Hai anos que emprendemos con ousadía esta pescuda e nesta 31 edición a proposta pon a énfase nas novas dramaturxias con personalidade e, á vez, na riqueza da súa diversidade, a mesma coa que intentamos vertebrar a oferta do Outono de Teatro e coa que temos a vontade de chegar a todos os espectadores. Por iso, as tonalidades e timbres das voces transitan por ámbitos como o teatro de texto, o humor, o teatro documental, o musical, a creación colectiva, o teatro de obxectos, o físico, o clown, o máis íntimo, a cultura dixital, a autoficción, o teatro social, a performance, a investigación, a comedia, o circo, a participación, a narración,... O programa é tamén unha oportunidade para percorrer a completa panorámica das artes escénicas na actualidade e contaxiarse coa súa vitalidade.

#VOCESFIOT SON AS VOCES SINGULARES, AS DAS COMPAÑÍAS E CREADORES QUE BUSCAN E REIVINDICAN UNHA IDENTIDADE CARACTERÍSTICA E PROPIA, QUE EXPLORAN UNHA LINGUAXE ARTÍSTICA QUE AS IDENTIFICA, QUE TEÑEN A COBIZA DE ATOPAR OUTRAS CANLES DE COMUNICACIÓN CO PÚBLICO.

#Voces con memoria. Como sempre, eliximos un concepto que transcorre por gran parte das obras para propoñer un tema de reflexión que nos acompañe: a memoria, facer memoria como unha reflexión sobre o vivido e tamén para explicar o que somos, a nosa identidade; reconstruír os relatos individuais e colectivos, conscientes de que a memoria radica sobre todo no corazón e que o recordo permítese moitas licencias, con omisións ou esaxeracións.

A MEMORIA, FACER MEMORIA COMO UNHA REFLEXIÓN SOBRE O VIVIDO E TAMÉN PARA EXPLICAR O QUE SOMOS, A NOSA IDENTIDADE.



#VocesFIOT

Facer memoria é tamén unha constante na propia construción do festival e non podíamos deixar de lembrar ao querido Pedro Brandaríz, unha voz que narra que nos acompañou con agarimo e á que dedicamos esta Rúa dos Contos.

#Voces silenciadas, como a da muller ou a da mocidade, ocupan un espazo por dereito propio desde que o Outono de Teatro decidiu comprometerse con ambos colectivos para facer que estas realidades teñan eco en cada programa, enriquecéndonos como proxecto cultural.

Agora sumamos outro compromiso. O espírito do FIOT sempre estivo en concordancia cos principios da sustentabilidade pero, nestes tempos, é imprescindible formar parte deste pacto social que se concreta coa Axenda 2030. Incorporamos esta meta e empezamos este camiño ampliando a accesibilidade do festival co inicio de actividades de inclusión.

E o FIOT segue a expandirse máis alá do teatro con múltiples actividades que integran a numerosos colectivos. É un dos distintivos principais da nosa identidade, co que estamos orgullosos de ir contaxiando a outras citas teatrais.

No noso medrar honesto e firme, dámoslle forma a un novo formato que recolle vellas inquedanzas: Onda FIOT, o espazo para facer accesibles as nosas singulares iniciativas de teatro sonoro. Animámoste a que descubras esta Voz FIOT na web do festival.

No 31 FIOT tamén atoparemos voces que descubren, voces transgresoras, voces que comparten, voces que loitan, voces que fan rir, voces novas, voces que aman, voces que berran, voces miúdas, voces que curan, voces que namoran... E todas elas collen no FIOT.

NO 31 FIOT TAMÉN ATOPAREMOS VOCES QUE DESCUBREN, VOCES TRANSGRESORAS, VOCES QUE COMPARTEN, VOCES QUE LOITAN, VOCES QUE FAN RIR, VOCES NOVAS, VOCES QUE AMAN, VOCES QUE BERRAN, VOCES MIÚDAS, VOCES QUE CURAN, VOCES QUE NAMORAN... E TODAS ELAS COLLEN NO FIOT.

Pero hai unhas voces imprescindibles das que temos moito garbo. As **#voces apaixonadas**. Nelas resoa a voz das fioteiras e fioteiros, o mellor público do mundo, que confía e que nos sostén incondicionalmente, medrando a canda nós; as voces das institucións e entidades que comprenden o proxecto e nos acompañan con firmeza; as dos voluntarios que aportan toda a ilusión; e tamén –permitídenolo-, as voces dun comprometido equipo de traballo. Tomando prestado o nome dunha das obras que presentamos, **a vontade de todas elas de crer no FIOT é o que nós converte no festival máis grande de Galicia. No corazón do teatro de Galicia.**

PS

PROGRAMA DE SALA

V 07 OUT / 21.00 h

S 08 OUT / 20.30 h



Previa reserva en
fiot.carballo@gmail.com
(antes do 3 out)

MOFA E BEFA (Galicia) *Pirólficos*

ESTREA
ABSOLUTA

COPRODU-
CIÓN FIOT

**MOFA E BEFA SAEN DO ARMARIO
CON LENTES VIOLETA... E NON
LLES QUEDAN NADA MAL.**

Personaxes que, de súpeto, experimentan vivencias que en ningún caso vivirían polo feito de seren homes, personaxes que tentan familiarizarse con toda a nova terminoloxía que nos últimos tempos describe tendencias, identidades, gustos e desgustos... Situacións ben recoñecibles co fin de conseguir unha mellor comprensión da "Guía Rápida para unha Correcta Pirólise".

Este manual para orientar ao público sobre as novas masculinidades é un convite á reflexión sobre o impacto do patriarcado nos propios homes, poñendo o foco no home que simpatiza coa teoría feminista, pero que se ten que enfrontar a unha cultura machista profundamente instalada.

É un orgullo acoller e estrear no FIOT esta produción do lendario dúo cómico Mofa e Befá. Co gallo do seu 30 aniversario, emprenden o seu proceso creativo máis arriscado e experimental, coa incorporación de tres mulleres na dirección e no texto, e no que non faltará a música de marcado estilo *perrallas rock*.

Non perdas o percorrido pola súa traxectoria que poderemos realizar a través da exposición que estaremos no Pazo da Cultura, antes de realizar a súa xira mundial.



Intérpretes: Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira
Deseño de vestuario: Mofa e Befá
Deseño de son: Piti Sanz
Iluminación: Octavio Mas
Deseño de escenografía: Marcelino de Santiago, Kukas
Dramaturxia: Lucía Aldao, Clara Gayo e María Lado
Dirección: Clara Gayo

PREZO DA ENTRADA: 10 €
DURACIÓN: 85 MIN
A PARTIR DE 13 ANOS



Ao remate da función do venres 7 celebrarase o acto de entrega do Xograr de Outono 2022 a Evaristo Calvo.



Preestrea co alumnado de secundaria, o 6 de outubro.

S 15 OUT / 20.30 h

TITZINA (Cataluña) Búho


ESTREA
EN GALICIA

Pablo, un antropólogo forense especializado en xacementos paleolíticos, sofre un ictus que lle provoca unha amnesia severa. Xunto a el, assistiremos a unha busca interior pola súa memoria para recuperar os seus recordos e, en definitiva, a súa identidade.

Titzina é unha compañía con marcada personalidade que acadou un posto destacado no teatro contemporáneo en España. Crea as súas obras a partir dun longo traballo de investigación antropolóxica de entrevistas e convivencias, explorando con gran sensibilidade as relacións e os conflitos cotiáns que elevan a unha dimensión cómica e trágica. Traballos sempre afinados, suxestivos, fondos e poéticos.

O FIOT nunca se perde as súas obras e os seus creadores sempre nos teñen presentes para agasallarnos coa primicia das estreas. Un privilexio e unha delicia.

Intérpretes: Diego Lorca e Pako Merino
Deseño vestuario: Núria Espinach
Deseño escenografía: Rocío Peña
Deseño iluminación: Jordi Thomás
Composición musical e son: Jonatan Bernabeu y Tomomi Kubo
Dramaturxia: Diego Lorca
Idea, creación e dirección: Diego Lorca e Pako Merino



PREZO DA ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

**CEREBRO, MEMORIA,
PROFUNDIDADE, ESCURIDADE (...)
QUE HABERÁ AÍ ABAIXO?**

D 16 OUT / 20.30 h

LEO BASSI (Italia) 70 anos: Leo Bassi

“¡QUIERO SER UN
REVOLUCIONARIO
DE 70 AÑOS!”

ESTREA
EN GALICIA



PREZO DA ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 75 MIN | A PARTIR DE 12 ANOS

70 anos que se fan curtos. O irreverente clown mundialmente recoñecido, bota a vista atrás e fai balance da súa traxectoria de máis de 60 anos sobre as táboas, esixindo que se respecte a vellez e os seus anos de experiencias acumuladas.

A través da súa memoria descúbrenos que hai que volver ao humanismo e aos instintos. Asume a súa responsabilidade como chamán e bufón, axitador de emocións que reivindica a risa como unha das grandes forzas da existencia. O humor como reflexión da sociedade e o acto teatral como un ritual.

O FIOT fai memoria, a nosa memoria, con Leo Bassi. Hai 25 anos, cando o pallaso aínda era un descoñecido para o gran público, convidámolo ao festival na que foi a súa primeira actuación en Galicia. Desvelounos os nosos *instintos ocultos* e converteuse nun fenómeno en Carballo, un punto de inflexión que cambiou o FIOT. O seu carácter transgresor e a súa creatividade incitaron ao festival e ao seu público ao desafío e ao compromiso coa sorpresa e a innovación.

Intérprete, texto e dirección: Leo Bassi

V 21 OUT / 21.00 h

SAMBUSECK (Arxentina) *Impalpable*

"NO ESTÁS EN UNA
PELÍCULA, LA VIDA
ES OTRA COSA".

ESTREA
EN GALICIA



PREZO DA ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 60 MIN | A PARTIR DE 12 ANOS

Blanca deixou o seu traballo na pastelaría para triunfar como actriz na capital. Estela, espera o seu regreso, pero quen chega é Liliana, unha muller que ninguén coñece e que arrastra un segredo.

Corren os anos 50 e elas están atrapadas aí, onde non medra nada, na distancia e no silencio. Fuxen ignorando a súa realidade e esquecendo o pasado, a súa memoria, e constrúen outro universo no que as súas vidas son un gran film e a ficción é ese ambiente hostil que se respira na vila.

Inspirada en relatos e na vida do escritor arxentino Manuel Puig, *Impalpable* é o espazo intanxible da ruptura dunha promesa ou dun sono

común, onde mulleres soas forxan unha amizade mentres conviven coa espera.

Xa hai uns anos que a compañía arxentina de creación colectiva construíu esta sinxela historia de carácter moi cinematográfico. Tras o éxito no seu país, tráena agora a España onde xa se revelou como unha xoia da carteleira madrileña, fermosa, agrídoce e evocadora.

Intérpretes: Nanda Abella, Natalia López e Agustina Rodríguez Eyras
Música orixinal: Nicolás Bari e Matías Niebur
Espazo escénico: Gonzalo Córdoba Estévez
Iluminación: Sandra Grosi
Vestuario: Eleonora Sayans
Autoría: Creación colectiva Grupo Sambuseck
Dirección artística: Sergio Calvo e Nacho De Santis

S 22 OUT / 20.30 h

PONT FLOTANT (Valencia) *Eclipse Total*

O SOL QUE SE APAGA.
ASISTIMOS AO ENSAIO
XERAL DUN POSIBLE FINAL.

ESTREA
EN GALICIA



PREZO DA ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 80 MIN | A PARTIR DE 12 ANOS

O aire vólvese frío e o ceo comeza a escurecer. O tempo párase. Todo está en silencio. Todo suspendido... sen saber que ocorrerá... coa sensación de que poderíamos permanecer sempre nesta noite infinita... Pero uns segundos máis tarde, quizais anos, xeracións, milenios ou eóns de existencia, o día chega de novo. Unha profunda emoción invádenos e sentimos o privilexio de ter sido testemuñas dun feito incomprendible.

Despois de dúas décadas mirando de esguello o misterio da vida, a veterana compañía valenciana Pont Flotant enrédase nos fíos da memoria para cuestionar como reaccionamos, como nos preparamos ante un feito inevitable e irreversible como é a morte. Impregnando de humor o ritual, desde

o xogo escénico e a celebración da vida, o trascendental emana do cotián e o íntimo e persoal adquire unha dimensión social. Unha reflexión sobre o legado, sobre a memoria, o misterio,...

Con sinxeleza, naturalidade e a delicadeza que caracteriza o universo artístico desta compañía que crea desde a investigación colectiva, mesturando realidade e ficción, logran unha relación íntima co espectador e unha obra profundamente conmovedora.

Unha proposta irresistible.

Intérpretes: Àlex Cantó e Jesús Muñoz
Iluminación: Marc Gonzalo (All)
Deseño sonoro: Adolfo García
Espazo escénico e vestuario: Pont Flotant
Asesor artístico: Fermín Jiménez
Creación: Pont Flotant (Àlex Cantó, Joan Collado, Jesús Muñoz e Pau Pons)

S 29 OUT / 20.30 h

BUXMAN P. E TEATRO ESPAÑOL (Madrid)

La voluntad de creer

ESTREA
EN GALICIA



PREZO DA ENTRADA: 12 € | DURACIÓN: 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

O menor dunha familia de irmáns sostén que é Xesús de Nazaret. As súas irmáns consideran que toleou por un exceso de lecturas filosóficas. Na historia haberá morte e resurrección e, sobre todo, xogo coa percepción do espectador de modo que a propia función sexa unha posta a proba da súa fe.

Que relación hai entre vontade e fe? Que fai que algo sexa verosímil? Que papel ocupa o desexo de crer na suxestión? A distinción entre ficción e realidade e a crenza como acto voluntario centra a atención do director arxentino Pablo Messiez, unha das voces máis interesantes do teatro contemporáneo, que se acompaña aquí dun excelente equipo artístico creando un espectáculo fermoso e profundo,

cheo de poesía. Como punto de partida para a súa ficción sérvese da obra *Ordet* (A palabra), de Kaj Munk e da versión filmica de Dreyer.

“DEMASIADAS VECES SE TEN DITO QUE O TEATRO É MENTIRA. IMOS INTENTAR DICIR OUTRA COUSA”. PABLO MESSIEZ.

Intérpretes: Marina Fantini, Carlota Gaviño, Rebeca Hernando, José Juan Rodríguez, Íñigo Rodríguez-Claro e Mikele Urroz
Deseño de vestuario: Cecilia Molano
Deseño espazo escénico: Max Glaenzel
Iluminación: Carlos Marquerie
Entrenamento corporal: Elena Córdoba
Axudante de dirección: Javier L. Patiño
Texto e dirección: Pablo Messiez

D 30 OUT / 20.30 h

AVANCE P.T. E ENTRECAJAS P.T. (Madrid)

Silencio

**“O RESTO É SILENCIO”.
HAMLET, WILLIAM
SHAKESPEARE.**



PREZO DA ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 100 MIN | PÚBLICO ADULTO

Vestido cun traxe de etiqueta co que non acaba de sentirse cómodo, o dramaturgo vai ingresar na Academia pronunciando un discurso. Elixiu falar sobre o silencio na vida e no teatro. Tamén viaxar por silencios teatrais que resoan na súa memoria e no seu corpo. Igual que aos espectadores, esos silencios enfrontano cos da súa propia vida. Quizais o silencio poña o discurso en perigo. Quizais o máis importante sexa, por riba e por debaixo das palabras, escoitar xuntos o silencio.

Juan Mayorga é un dos grandes dramaturgos contemporáneos de España, o máis representado dos autores vivos, multipremiado e recente Premio Princesa de Asturias.

Converteu en teatro o seu discurso de ingreso na Real Academia Española regalándonos unha obra aguda e exquisita na que exalta o valor do tempo e do silencio. E para dar vida a este discurso e ao mesmo silencio, unha actriz extraordinaria, unha das grandes, Blanca Portillo, que nos hipnotiza facendo memoria dalgúns momentos nos que o teatro nos puxo ante o drama do silencio.

Dous monstros en escena que nos brinda un traballo memorable. Un luxo.

Intérprete: Blanca Portillo
Escenografía e vestuario: Elisa Sanz
Iluminación: Pedro Yagüe
Espazo sonoro: Manu Solís y Mariano García
Maquillaxe e perruquería: Thomas Mikel Nicolas
Dirección: Juan Mayorga

L 31 OUT / 21.00 h

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO E AINÉ PRODUCCIÓN (Galicia)

Recortes, caneos e outras formas de driblar



PREZO DA ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 100 MIN | A PARTIR DE 16 ANOS

Xogadores, adestradores, xornalistas, directivos, árbitros, seareiros e demais personaxes do espectáculo futbolístico saltan ao escenario coas súas historias máis escuras para recrear un dos tantos partidos de fútbol do século.

Comedia, música e crítica son os ingredientes principais deste espectáculo xornalístico-documental que parte da investigación de Nacho Carretero sobre o deporte de masas: o que se ve no campo, pero tamén o que permanece oculto fóra da nosa visión.

O exitoso equipo da versión teatral de *Fariña* que presentamos no FIOT 2019 volve a iniciar a súa xira pechando o noso festival, para, seguro, repetir o mesmo éxito que colleitou por toda España. Ainé

alíase co Centro Dramático Galego para crear un espectáculo de gran formato nun modelo de coprodución inédito.

**O QUE SE VE NO CAMPO
E OS ARREDORES, O QUE
PERMANECE OCULTO FÓRA DA
NOSA VISIÓN, NOS VESTIARIOS,
NOS PALCOS E NAS CABEZAS
DOS SEUS PROTAGONISTAS.**

Intérpretes: Xosé A. Touriñán, Sergio Zearreta, Manuel Cortés, Isabel Garrido, Christian Escuredo e Xoán Fórneas

Vestuario: Laura Baena

Espazo sonoro: Vadim Yukhnevich

Deseño de iluminación e audiovisuais: Laura Iturralde

Espazo escénico: José Faro "Coti"

Dramaturxia: José L. Prieto, sobre textos de Nacho Carretero

Dirección: Tito Asorey

XII CICLO
otni

OBXECTO TEATRAL NON IDENTIFICADO



Voces que descubren, voces transgresoras, voces de vangarda,... As voces máis singulares do FIOT atopámolas no OTNI. Creadoras e creadores que experimentan e innovan nos formatos e rompen os límites da teatralidade e que convierten en imprescindibles para a súa obra as voces das espectadoras e espectadores.

A *Conferencia espectacular*, iluminará este fértil territorio cunha mostra de clase maxistral sobre a vangarda teatral a través de linguaxes que David Espinosa domina, como as sombras ou os obxectos.

Tamén empregando o xénero da conferencia performativa, no que se unen arte en escena e coñecemento, unha das mellores actrices galegas, Patricia de Lorenzo, presentará un traballo moi persoal co que recorre ás súas personaxes para revelar as fronteiras entre personaxes e intérpretes así como os imaxinarios do poder, que moitas veces subxacen nos papeis femininos.

Estes imaxinarios femininos están moi presentes tamén en *Freak*, un acto íntimo entre dúas mulleres que nos impactará pola súa crueza.

A memoria persoal e a indagación sobre a identidade que transitan estas propostas pónense en cuestión desde a autoficción e desde a linguaxe audiovisual no cuarto OTNI, o "fermoso extraño" de Ion Iraizoz.

Por último, introducírmonos nun proceso creativo para recoñecer de primeira man o traballo en construción de Natalia Fernandes cunha mostra iniciada este verán no Pazo da Cultura, a través dunha residencia artística.

Confiamos en seguir sorprendéndoos.

**SUBE AO OTNI!
AO MÁIS EXCLUSIVO DO FIOT,
AO MÁIS VIVO,
AO ALTERNATIVO
AO CREATIVO,
AO HUMOR INTELIXENTE,
Á INNOVACIÓN,
AO MÁIS PERSOAL...
AO EXCEPCIONAL!
ATRÉVETE!**

S 08 OUT / 20.45 h

LA CAJA FLOTANTE (Navarra) *Beautiful Stranger*

ACCIÓN DO CAMIÑO EXPANDIDO:
ENCONTRO CO PÚBLICO ASISTENTE
AO REMATE DA FUNCIÓN.
ACOMPAÑA: SONSOLES CORDÓN
(COMPAÑÍA OLIVAS NEGRAS)



ESTREA
EN GALICIA

**TODOS SOMOS TODOS
E NINGUÉN É SÓ UN.**

PREZO DA ENTRADA: 5 € | DURACIÓN: 75 MIN | PÚBLICO ADULTO | SALÓN DE ACTOS DO PAZO DA CULTURA

O 21 de maio, Ion celebrou o seu aniversario cunha festa á que chamou "O último martes antes de cumprir 40". O seu pai leu un relato que escribira a súa nai durante o embarazo e que estivera oculto. Coa complicidade do público, o actor tratará de reconstruír a súa festa a través das súas lembranzas.

Unha comedia de autoficción existencial e linguaxe cinematográfica que trata sobre as múltiples identidades que habitan nunha soa persoa e tamén sobre como a memoria é invadida constantemente pola imaxinación.

La Caja Flotante caracterízase polo uso do audiovisual e a creación de novas dramaturxias.

Chega ao FIOT da man de Camiño Escena Norte, un proxecto liderado por Escena Galega xunto ás demais asociacións de compañías de artes escénicas da ruta histórica dos Camiños de Santiago, que pretende revitalizar este camiño cultural que nos une desde hai séculos.

Intérprete: Ion Iraizoz
Vídeo creación: Ainara Pardal
Espazo sonoro: José Pablo Polo
Espazo escénico: Caja Negra Tam
Texto e idea: Ion Iraizoz
Dirección e dramaturxia: Gloria March, Ion Iraizoz e Juan Paños

V 14 OUT / 21.00 h

DAVID ESPINOSA (Cataluña) *Conferencia espectacular*

ESTREA
EN GALICIA



**UNHA CONFERENCIA
REPRESENTADA CON OBXECTOS,
MAQUETAS E SOMBRAS COMO
HOMENAXE AOS ARTISTAS MÁIS
CONSAGRADOS.**

PREZO DA ENTRADA: 5 € | DURACIÓN: 60 MIN | TODOS OS PÚBLICOS | SALÓN DE ACTOS DO PAZO DA CULTURA

Unha divertida clase maxistral sobre a vangarda teatral, combinando a palabra coa manipulación de obxectos, coreografías e teatro de sombras. Asistiremos a un espectáculo divulgativo no que se explica o que son as novas escenas e que foi o que impulsou o xurdimento dos formatos teatrais máis innovadores, desde a chegada da electricidade ao teatro ata a era dixital. A maxia de ver reproducidos con obxectos cotiáns fragmentos de obras de Fura dels Baus, Pina Bausch, Els Joglars, T. Kantor, Peter Brook... entre outros nomes consagrados.

Intérprete: David Espinosa
Colaboración: África Navarro
Son: Santos Martínez e David Espinosa
Creación: David Espinosa / El Local E. C.

Se alguén pode explicar grandes conceptos con bonecos, xoguetes e obxectos atopados pola casa, este é David Espinosa. Artista singular de longa traxectoria, ten percorrido medio mundo coas súas montaxes nas que intenta romper os límites da teatralidade e achegar a escena experimental ao público non especializado, a través dun xogo formal que sorprenda ao espectador.

D 23 OUT / 20.30 h

AMOR TOTAL (Madrid) *Freak*



PREZO DA ENTRADA: 5 € | DURACIÓN: 90 MIN | A PARTIR DE 14 ANOS | AUDITORIO PAZO DA CULTURA

Dúas mulleres sentadas nun sofá, vestidas de princesas de conto e deusas da sedución. Ábrese en canal para contar as súas intimidades.

Por que non somos capaces de parar situacións nas que en realidade non queremos estar? *Freak* fala dos límites de cada persoa, da importancia da imaxe cara o exterior, de como dar pracer sen importar o propio, de sentirse suficientemente poderosos/as para ocupar un espazo.

Freak -extravagante-, é un texto de Anna Jordan, unha das dramaturgas europeas máis importantes dos últimos tempos. Esta peza de teatro social sobre

a feminidade e a autoimaxe converteuse nunha referencia internacional pola súa maneira de abordar a sexualidade, entre a desesperanza e o humor.

“BAILO PARA ELLOS. ME DESNUDO PARA ELLOS. Y CADA CARA, CADA EXPRESIÓN, ME ANIMA A IR MÁS LEJOS”.

Intérpretes: Lorena López e Lara Serrano
Vestuario: Daniel T. Cano
Maquillaxe: Alba Jiménez
Deseño de arte e iluminación: Antiel Jiménez
Autoría: Anna Jordan
Tradución: Paula Amor e Luís Sorolla
Dirección: Paula Amor

X 28 OUT / 21.00 h

GRUPO CHÉVERE / PATRICIA DE LORENZO (Galicia) *Pequenas mentiras para contar grandes verdades*



PREZO DA ENTRADA: 5 € | DURACIÓN: 50 MIN | A PARTIR DE 12 ANOS | SALÓN DE ACTOS DO PAZO DA CULTURA

Eva é protagonista da peza *Eroski Paraíso*. Son personaxes (de mentira) baseados en persoas colectivas (de verdade). Pero Eva está actuando de si mesma nunha historia que tampouco é a súa. Ser actriz é funcionar como Eva, e tantas outras mulleres, que moitas veces actúan como subalternas. Son outras falando a través delas.

Patricia de Lorenzo, protagonista esta conferencia performativa sobre o proceso de creación dalgúns dos personaxes que interpretou en *Chévere*. Unha enriquecedora viaxe de descuberta entre esa forma de representar personaxes alleos, que normalmente reproducen os imaxinarios do poder, ou comprometerse a formar parte dunha historia e falar por si mesma. Algo que pasa por tomar conciencia e tomar partido.

ELAS SON AS QUE ESTÁN AÍ DIANTE NOSA, PERO NON FALAN POR SI MESMAS. SON OUTROS FALANDO A TRAVÉS DELAS.

Xograresa de Outono 2019, Premio Mestre Mateo 2020 ou María Casares 2012, entre outros, e máis de tres décadas de traballo en teatro, cine, televisión e dobraxe avalan a traxectoria dunha das actrices máis grandes da escena galega, vinculada a *Chévere* desde 1994. Xunto a esta compañía de referencia en Galicia e proxección nacional, Premio Nacional de Teatro 2014, protagonizou todas as súas montaxes, entre as que se atopan títulos que xa forman parte da historia teatral galega.

Creación e intérprete: Patricia de Lorenzo

X 20 OUT / 20.30 h

WORK IN
PROGRESS

NATALIA FERNANDES (Madrid-Brasil)

¿Podemos hablar de Caetano?

rpm

É UNHA FAVELA,
É A PERIFERIA.

ENTRADA GRATUÍTA | DURACIÓN: 40 MIN
A PARTIR DE 12 ANOS | SALÓN DE ACTOS DO
PAZO DA CULTURA

A cabalo entre un álbum de música, unha conversa e unha coreografía sitúase a nova creación de Natalia Fernandes, un proceso de investigación que se traducirá nun concerto en directo, que achegará ao centro do escenario o universo poético do cantante Caetano Veloso, que formateou o pensamento e o corpo desta performer brasileira, bailarina, coreógrafa e profesora de danza de recoñecido prestixio.

Este traballo, aínda en proceso, é resultado da residencia que esta artista levou a cabo no mes de agosto no Pazo da Cultura. A súa actividade de apoio á creación e posta en valor ante os espectadores, unha colaboración co programa interinstitucional de Residencias Artísticas Paraíso, impulsado dende o Colectivo RPM, co apoio, entre outros, da AGADIC e do Concello de Carballo.

Intérprete e dirección: Natalia Fernandes.
Espazo sonoro: Vicky Leaks. Iluminación:
Alván Prado. VídeoMaker: Blanca Bonet.
Autoría: Natalia Fernandes e o seu equipo



TEA TRO DE RÚA

V 30 SET / 19.30 h

PRAZA DO CONCELLO (en caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)

COMPAÑÍA D'ES TRO (Balears)

Poi



SERÁ CAPAZ DE
DETER O TEMPO?



DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS

Esta é a historia dun home rural atrapado desde a infancia polo efecto xiroscópico da súa buxaina e nunha viaxe de enredos e xiros que nos transporta ao xogo, un dos estados máis importantes da vida.

O espectáculo, recentemente estreado, que conta xa con diversos premios, responde a unha investigación artesanal na construción deste elemento de xiros hipnóticos que ten máis de seis mil anos de historia. Fusiona as artes do circo co xogo máxico e ancestral, camiño da extinción, co virtuosismo, co risco e co

humor. Unha artesanal obra maestra baseada na memoria e nas raíces.

Guillem Vizcaíno é un prestixioso manipulador de obxectos e malabarista, que investiga elementos clásicos do circo combinándoos con outras disciplinas e linguaxes. Recuperará do noso recordo un xogo tradicional como a buxaina, da que é un virtuoso e campión mundial de estilo libre de manipulación de peóns.

Intérprete, creación de buxainas, escenografía,
idea orixinal e dirección: Guillem Vizcaíno
Vestiarío: Artesanías Greca
Autor musical: Jaume Compte
Deseño de luces: Jaume Miralles

V 07 OUT / 19.30 h

PRAZA DO CONCELLO
(en caso de choiva anunciarase o novo emprazamento na web e nas RRSS do festival)

JAVIER ARIZA (Castela-León)
Carman



DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS

Un excéntrico showman e un seat 600 son os protagonistas desta comedia urbana de rúa na que o icónico coche cobrará vida, recuperando o posto na historia que nunca debeu perder. Música, circo, obxectos, humor e superpoderes.

Transforma a rúa e devólvella aos seus habitantes. Detrás desta orixinal e divertida posta en escena, que desfilou por algúns dos festivais e eventos máis relevantes de España colleitando diversos premios, figura Javier Ariza, que se define como un "auténtico templario do ridículo". Actuou en

vinte países e, ademais de tomarse en serio a arte de ser idiota, ofrece unha mirada cómplice co público para facelo participe dunha atmosfera cargada de ilusión, sorpresa e provocación.

**UN SEAT 600
CONVERTIDO CASE
NUNHA MARIONETA.**

Intérpretación e creación: Javier Ariza
Vestuario: Elisa Sanz e Flor Aldea
Dirección: Aitor Basauri

V 14 OUT / 19.30 h

PRAZA DO CONCELLO (en caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)

FRAN BOZA (Galicia)
Malabarabilidades



DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS

Intérprete: Fran Boza
Autores: Fran Boza e Fran Rei
Dirección: Fran Rei

Algúnha vez puxeches a proba a túa puntería nun posto de tiro? Agora terás a oportunidade de facelo a cambio de succulentos premios. Pero, ollo, que pode que as cousas non vaian como agardas.

Humor, interacción co público, malabares con bolas, mazas, rulo americano e mesmo un increíble número de rebote son os ingredientes principais da primeira peza de Fran Boza, un auténtico portento do circo clásico.

A pesar da súa mocidade, foi malabarista en diversos circos cos que xirou internacionalmente. Agora chega disposto a abraiar aos espectadores coa súa gran calidade técnica.

Máis vale que non volo perdades!

**PRESENTAMOS
AO AUTÉNTICO
REI GALEGO DOS
MALABARES!**

> D9 OUT | 19.00 h

Centro Social de Verdillo

BERROBAMBÁN (Galicia)

Facer memoria



**DARLE A CADA
RECORDO A
IMPORTANCIA
QUE MERECE.**

PREZO: 5 € | DURACIÓN: 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

Que historias viven aínda en Carballo? Que o espello reflecta a imaxe dun lugar, dun tempo, dun aquí e dun agora é o obxectivo da compañía Berrobambán, a través deste proxecto tan singular no que participamos e que conta co copatrocinio da Deputación da Coruña.

Facer memoria é unha experiencia participativa que se compón de tres espectáculos-encontro da narradora Paula Carballeira con persoas de distintas parroquias do municipio, como Oza ou Verdillo, que se sucederán durante toda a semana, e no que se esvaeen os límites entre o escenario e o patio de butacas, dándolles voz ás lembranzas do público. Nesta sesión de remate, compartiremos cos espectadores as conversas e contos mantidos e a súa particular reconstrución da historia local e lembranzas dos lugares que visitaron.

A intención non é recuperar a memoria esquecida, se acaso, é non esquecer o que está a piques de desaparecer.

A proposta está vinculada ao lema desta edición do FIOT e a un dos eixos do festival, a narración oral. A oralidade foi un mecanismo case exclusivo de transmisión da nosa cultura e Paula Carballeira, ademais de recoñecida actriz e directora, domina a arte da narración, sendo recoñecida nacional e internacionalmente. É un privilexio que as nosas historias pasen pola súa voz e queden recollidas na pequena peza audiovisual e no podcast que as farán perdurar

Intérpretes: Paula Carballeira e Chiqui Pereira
Responsable audiovisuais: José Jamarido
Dramaturxia: Paula Carballeira
Iluminación e dirección: Chiqui Pereira

Coa colaboración da AC e X. Arume, AC Torre Vixía e O Alprende de Oza

Área Cultura Deputación da Coruña Produción de proxectos singulares de especial interese cultural

> Mer 12 OUT | 19.00 h

Centro Social de Ardaña

EMPATÍA TEATRO (Galicia)

Esas cousas maravillosas



PREZO: 5 € | DURACIÓN: 60 MIN | PÚBLICO ADULTO

Tes seis anos. Mamá está no hospital: "Fixo unha parvada", di papá, porque "résultalle difícil ser feliz". Así que comezas a facer unha lista coas cousas maravillosas deste mundo. 1. Os xeados. 2. As guerras de auga. 3 A cor azul... Déixala na almofada de mamá. Sabes que a leu porque corrixiu a ortografía. A lista non tarda en ter vida propia.

O público será cómplice desta divertida historia que se desenvolve nun sinxelo xogo entre o intérprete e os espectadores.

Esta tenra e conmovedora comedia sobre a depresión, o suicidio e sobre todo o que estamos dispostos a facer por aqueles aos que queremos converteuse

nun fenómeno teatral a nivel mundial. Coa versión e dirección de Avelino González, pona en escena unha compañía galega de recente creación.

**TODO POLO QUE
PAGA A PENA VIVIR.**

Intérprete: Elisardo de la Cruz García
Vestuario: Ana López
Escenografía: Diego Valeiras
Autor: Duncan Macmillan
Adaptación e dirección: Avelino González

Coa colaboración da AV Santa María de Ardaña

R U A D O S C O N T O S XXIII EDICIÓN CARBALLO 2022

As voces que narran teñen acubillo na Rúa dos Contos do FIOT. Tamén as voces que rin e as máis trouleiras e falcatrueiras encherán a rúa de contos, monólogos, música, improvisación e, mesmo, de virais sesións que chegan desde as redes sociais.

Nesta XXIII edición, estas voces van volvendo aos bares, incorporamos espazos como a Residencia de Maiores de Carballo e estendemos o formato ata o final do FIOT, para que as noites dos sábados sexan unhas longas noites de teatro.

Este é o noso ciclo máis acolledor, o que leva o teatro ao encontro de todos os públicos. Por iso, co compromiso de seguir avanzando, iniciamos con el un proxecto de maior accesibilidade, co que visibilizamos que todas e todos temos dereito á cultura e

facilitamos novos recursos para que a Rúa dos Contos sexa máis inclusiva, coa tradución á lingua de signos dun espectáculo e presentado outro creado coa dobre versión oral e de signos.



Esta edición da Rúa dos Contos vai por Pedro Brandariz! No 31 FIOT, botaremos en falta a Pedro, actor e comediante fundamental da escena galega que desde o inicio da súa carreira estivo sempre presente no noso festival. Desde aquel 2007 no que gañou un premio no noso Certame de Monólogos, nunca faltou á súa cita na Rúa dos Contos, no Fiotiño, no Teatro de Rúa ou como espectador habitual, colaborando con paixón en cada proposta que lle faciamos.

Co axuda dos seus compañeiros e amigos, organizamos unha gala homenaxe na que volveremos atoparnos co seu humor, os seus personaxes e os seus contos.

Amigo, o teu agarimo e xenerosidade formará sempre parte do corazón do FIOT!

> V30 SET



ESTREA ABSOLUTA

> 21.00 h
Casino 1889

ALBERTE MONTES *Patrón*

Alberte faise maior e cre estar entrando nun proceso de "empatronamento". Os tics, e as manías estánlle marcando o camiño. Vai quedando atrás o Alberte mozo, o que saía un martes e non tiña resaca o mércores ou o que non tiña que preparar o IVE trimestral, e vai a aparecendo esa figura icónica que é a do patrón. O seu patrón de referencia é o seu pai, e a el quere render tributo.

Alberte é cómico e monologuista con case mil actuacións en directo, e tamén é actor (en series como *Fariña* ou actualmente *El pueblo*, ou películas como *El Olivo*), director, locutor, guionista, reporteiro e colaborador de programas como o de Buenafuente ou Land Rober.

A partir de 14 anos. Prezo: 4 €



> 23.00 h
Mesón do Pulpo

MARTA DOVIURO *Memorias dunha rapasa da costa*

Marta Doviuro criouxe na Costa da Morte. En clave de humor, acompañarémola polo seu periplo polas distintas vilas nas que viviu, para retratar o carismático carácter das súas xentes, algunhas curiosas vivencias e ata verídicas historias de piratas. A súa mirada de cinéfila empedernida desvelaranos un divertido paralelismo entre a realidade galega e a "hollywoodiense". De remate, un rap galaico?

Dez anos sobre as táboas converten a esta cómica, actriz, ou presentadora de espazos de entretemento (*Malo será, De quen ves sendo?...*) nunha polifacética artista preparada para todo o que lle boten.

Público adulto. Prezo: 4 €

> S1 OUT

> 21.00 h

Mercado Municipal

Todos os públicos

Prezo: 4 €

A recadación desta gala destinarase a un dos proxectos queridos por Pedro, Pallasos en Rebeldía.



Ilustración de Xabi López.

GALA HOMENAXE A PEDRO BRANDARIZ

O pasado 22 de febreiro a escena galega quedou orfa do gran cómico Pedro Brandariz. A pesares de non chegar aos 45 anos pouca xente pode presumir dunha traxectoria tan longa e completa como a súa enriba dos escenarios ou tras as cámaras cun sen fin de producións e espectáculos sempre comprometidos con Galicia e coa nosa lingua.

Como home do renacemento que era, transitou case todas as disciplinas escénicas que hai (teatro, clown, stand up, narración oral, cine, televisión,...) e dentro de cada unha deixou unha longa lista de compañeiras e compañeiros que

agora o queren homenaxear e dicirlle un "ata sempre!".

De sobra é coñecido o estreito vínculo que Pedro Brandariz tiña co FIOT, no que realizou algunha das súas primeiras actuacións e no que continuaría compartindo o seu humor en todas as edicións. E que mellor entorno para unha gala homenaxe que o colo agarimoso da súa querida Rúa dos Contos.

O FIOT quere agradecer aos seus compañeiros e amigos a súa colaboración na organización e a súa participación nesta noite de contos.

> S1 OUT



> 23.30 h

Taberna O Patacón

BLUES DO PAÍS

Bieitta James, a grande Diva Rural (Iseo Agilda) e Pepe King, o *Bluesmanciño* que a acompaña (Brais das Hortas) poñerán o fondo musical á Rúa dos Contos versionando clásicos do blues, soul ou rhythm'n blues, adaptándoos á idiosincrasia e retranca galegas. Preparádevos tamén para altas doses de teatro, clown e moita improvisación.

Enerxía e unha discografía coidada definen o percorrido deste dúo galaico-mississippiño, que xa pasou por todo tipo de escenarios e situacións. Calquera sitio é bo para botarlle uns blueses da casa, non si?

Público adulto. Prezo: 4 €

> D2 OUT



> 12.30 h

Mercado Municipal

GALA NOGA DE NARRACIÓN ORAL PARA PÚBLICO FAMILIAR

Varios narradores socios de NOGA

Alguns dos mellores narradores para cativos argallan unha divertida mañá de contos. Se queres descubrir quen son, terás que achegarte ao Mercado. Función colectiva de narradoras e narradores membros do Colectivo Noga, que agrupa a medio cento de profesionais galegos, aos que acolleemos no FIOT para a súa constitución.

Público familiar. Entrada libre



- 39 espectáculos
- 8 estreas absolutas
- 9 estreas en Galicia
- 2 coproducións do FIOT
- 2 compañías internacionais (Italia, Arxentina)
- 8 comunidades autónomas (Galicia, Illas Baleares, Navarra, País Vasco, Madrid, Castela e León, Comunidade Valenciana, Cataluña)

> **D2 OUT**



> 17.30 h

Residencia de maiores de Carballo (Praza de Vigo)

Público adulto. Entrada libre

MARTA IGLESIAS

3...2...1...Impro (versión curta)

> 20.00 h

Cafetería Valle Inclán

Público adulto. Prezo: 4 €

MARTA IGLESIAS E TITO ROBER

3...2...1...Impro

A partir das propostas do público, Marta Iglesias e Tito Rober ofrecerannos un espectáculo instantáneo, con momentos únicos e irrepetibles, no que irán construíndo breves historias nunca antes contadas. E todo a un ritmo hilarante e tolo, que nos fará rir e rir sen parar.

Unha clown e acróbata e un retranqueiro monolinguista de corazón improvisan e, á vez, seguindo as "ordes" do público, interpretan, deseñan a escenografía, dirixen, escriben... a súa propia historia.



> 22.00 h

Casino 1889

VICENTE MOHEDANO

Habito Terra

Está claro que o noso comportamento individual no día a día ten impacto real sobre a colectividade á que pertencemos. E viceversa. Somos seres sociais, con consciencia grupal e cunha necesidade imperiosa de recoñecemento. Tal vez vai sendo hora de cultivar con consciencia global os hábitos que habitan o noso día a día.

O actor e director teatral Vicente Mohedano mestura teatro, divulgación científica e humor nunha proposta para descubrir a importancia da comunidade. Un discursu capaz de conciliar o seu cariño polo coñecemento coa súa paixón pola escena.

Enerxías emotivas para tempos de vertixe.



A partir de 12 anos. Prezo: 4 €

Interpretación en lingua de signos

> **S8 OUT**

> 23.00 h

Mercado Municipal

GOOD SEX MARITXU


(País Vasco). SEXperiencias en clave de humor

Tres mulleres recrean o que lles sucedeu hai xa uns cantos anos e cóntannos a "primeira vez" dunha das tres. Hai que buscar á persoa axeitada para iniciarse nas relacións, pero, claro, non sempre unha elixe a opción que mellor lles parece ás amigas. Enredos, reaccións inesperadas e divertidísimas por conseguir un bo orgasmo. Miña madriña! E todo visto desde a perspectiva do tempo, desde o aquí e o agora.

O humor e as risas están garantidos neste espectáculo para adultos adaptado e dirixido por José Cruz Gurrutxaga a partir da obra de Yolanda García Serrano, autora dalgunhas das comedias máis sobresaíntes do cine español como 'Todos los hombres sois iguales' (Goya ao mellor guión). Unha comedia sexy protagonizada por Susana Soletto, Itxaso Kintana e Gurutze Beitia.

Público adulto. Prezo: 10 €

> **S15 OUT**



> 23.00 h

Mercado Municipal

ADRIÁN DO REGENCO

Así son

PABLO MEIXE

Quen aguanta isto?

Moitas son as similitudes que unen a estes dous artistas da comedia. Os dous son enxeñosos, divertidos e ocorrentes. Os dous son da terra (un de Ordes e outro de Cabana). E, sobre todo, os dous dominan as novas plataformas dixitais (TikTok e Youtube). Por iso, propuxémoslles que compartirán escenario para ofrecer, en primicia, un espectáculo a dúas bandas como se dunha *regueifa humorística* se tratara.

En *Quen aguanta isto?*, Pablo Meixe reflexiona cómica sobre todas esas situacións que nos suceden a diario e que nos superan.

O bergantiñán Adrián do Regenco recompila en *Así son* algunhas das historias máis populares da canle de Youtube.

Unha noite moi viral e cargadiña de risas e moita retranca.

A partir de 12 anos . Prezo: 8 €

> **S22** OUT



> 23.00 h

Mercado Municipal

QUICO CADAVAL E CHUSA

Contando polos dedos

Un espectáculo de palabras e silencios, de signos e de xestos. Quico Cadaval e Chusa Pérez de Vallejo, retoman unha espontánea colaboración dos anos 90 e voltan con estas dúas maneiras de contar. Pola boca e polos dedos.

Quico é vello amigo do FIOT, narrador da fecunda fornada do conto galego, e presenta algúns dos seus contos clásicos. Chusa é actriz, bailarina, coreógrafa e actriz especial, fundadora de *Los Últimos*. As súas historias por xestos dialogan e discuten coas de Quico.

Un espectáculo para persoas, ouvintes, xordas, interesadas na lingua de signos, e nas capacidades expresivas deste idioma que tantas persoas "falan" en Galicia.



Todos os públicos. Prezo: 8 €
En galego e lingua de signos

> **S29** OUT



ESTREA EN GALICIA

> 23.00 h

Mercado Municipal

ÓSCAR TEROL (País Vasco)

Mundo para lelos

Non existe o listo integral nin o intelixente a tempo completo. Todos escondemos miserias e encrucilladas sen resolver no noso interior. Só se trata de respectarnos mutuamente e non tirar da manta colectiva, porque quedaríamos todos os parvos ao descuberto.

Óscar Terol, actor, cómico, escritor, director e creador de series de televisión como "Allí Abajo", pon en evidencia un mundo que se amosa incomprendible para todas as persoas, que sempre intentamos ocultar das miradas críticas dos demais o noso "eu parvo", que asoma en calquera momento para arruinarnos a vida.

Público adulto. Prezo: 8 €

VI certame de micro-escenas metro cadrado

S en medo, sen barreiras, sen artificios, sen rede. Teatro mínimo, intenso, en primeiro plano, en cru. Teatro que nos asalta desde o cotián, desde a proximidade, desde espazos comunitarios,... nun metro cadrado.

Unha nova experiencia para o público que pode mirar aos ollos das actrices e actores, e case tocar, ulir e mesmo saborear, para continuar vivindo intensamente unha experiencia teatral diferente.

A VI edición do *Certame de Micro-Escenas M²*, continúa apoiando a creación escénica de novos formatos e a compañías e artistas emerxentes, ofertando un espazo no que poder experimentar e investigar sobre os límites do feito teatral.

Entre as 36 propostas recibidas, un xurado de profesionais das artes escénicas seleccionou seis propostas que xogan coa performance, danza, circo, teatro,...

O despacho do alcalde, unha aula empresarial, debaixo da ponte do Parque do Anllóns, un estudo de fotografía, o escaparate dunha tenda de zapatillas deportivas e o mercado de abastos serán os escenarios destas propostas, catro delas estreas absolutas.

A valoración do público será a que premie a mellor interpretación e o mellor espectáculo.



ACCESO AOS ESPECTÁCULOS:
ENTRADA GRATUÍTA ATA
COMPLETAR CAPACIDADE

DADAS AS LIMITACIÓNS DE
ESPAZO, RECOMÉNDASE FACER
UNHA RESERVA NO ENDEREZO
ELECTRÓNICO:

fiot.microteatroentrada@gmail.com

(indicando nome espectáculo, horario, nome e apelidos do espectador e teléfono de contacto).



COLECTIVO
#CHAMIZOBELLOVILA
Menú-do día

12.00, 13.00, 18.00 e 19.00
Mercado Municipal (Andar 0)

“Chamáronme maricón dende antes de saber o que significaba”. Alberte Bello percorre o corredor da vergoña, envolto en fragilidade. Mentres os discursos de odio contra o colectivo LGTBIQ+ resoan na súa cabeza.

O Colectivo #ChamizoBelloVila tece unha historia que confronta odio e disidencia, escuridade e luz, tristura e aceptación. Na súa primeira creación que transita entre as violencias continuadas do colectivo LGTBIQ+.

Xuntos, tentan amosar unha nova realidade posible capaz de romper a norma e crear unha sociedade máis avanzada, máis inclusiva e máis real.

DURACIÓN: 25-30 MIN | AFORO: 10 PERSOAS
PÚBLICO: + 16 ANOS

Dirección e dramaturxia: Alberte Bello e Diego Chamizo. **En escena:** Alberte Bello. **Espazo sonoro:** Alberte Bello, David Vila e Diego Chamizo. **Figurinos e vestuario:** Alberte Bello e David Vila. **Técnicos audiovisuais:** David Vila e Diego Chamizo. **Imaxe:** Estudio Prolight



SR. LILI
Cinecleta, cinema doméstico a pedais

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30
Estudio de fotografía
Criss Becerra (Rúa Poñente, 28)

Cinecleta é un proxecto de recuperación e exhibición de películas de cinema doméstico en formato 8mm, Super8 e 16mm, filmadas por afeccionados e cineastas galegos no século pasado.

Espectáculo escénico dende unha bicicleta antiga de reparto de leite, con Fernando Pujalte Vidal como director, actor, cineasta, camarógrafo, sonidista... e un chisco de humor presentaranos nun formato didáctico, entretido e singular estes documentos cinematográficos do século pasado recuperados por el.

DURACIÓN: 20 MIN | AFORO: 15 PERSOAS
TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación: Fernando Pujalte

COMPAÑÍA
ÁNXELA BLANCO
Xeografía dos corpos

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30
Baixo a ponte do Parque do Anllóns

O teu corpo e o meu con-forman unha montaña. A túa man no meu ventre é un carballo. O meu rostro no teu pescozo, un regato de auga morna. Somos unha folla de oliveira en perfecto equilibrio e mar aberto. Unha paisaxe en movemento. Un estudo infinito do noso territorio. Xeotermia. Xeodinámica. Xeopoética.

Entre a tenrura e a forza, a precisión e o xogo, transcorre este poema visual, esta viaxe polo territorio que con-forman, esta intimidade do seu ser xuntos creado por Ánxela Blanco e Simone Romanó neste espectáculo de danza-circo.

DURACIÓN: 15 MIN | AFORO: 20 PERSOAS
TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación, vestuario e colaxe musical: Ánxela Blanco e Simone Romanó



MÓNICA PARADELA
Homeless

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30
Escaparate Zocas (Rúa do Hórreo, 7)

Martina durme na rúa, a carón do escaparate dunha tenda deportiva. Agora vémolos dentro do escaparate.

Asomámonos a un vidro que nos permite ver a súa vida, escoitala súa voz, entender o seu pasado, remexer nos seus soños, e, se cadra, chegar a identificarnos con ela. Tina antes de ser homeless, foi outra persoa, foi alguén que podería ser calquera de nós.

Mónica Paradelas preséntanos esta peza onde asistimos ao auxe e caída dunha deportista de elite. Unha posta en escena visual e poética, que emprega o texto e as habilidades circenses para dar visibilidade ás persoas excluídas.

DURACIÓN: 15 MIN | AFORO: 15 PERSOAS
PÚBLICO ADULTO

Creación e interpretación: Mónica Paradelas Cuñarro
Textos e dirección: Antón Coucheiro



ASSIRCÓPATAS

Viaxar é un pracer

ESTREA
ABSOLUTA

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30


Despacho do alcalde (Pza. Concello)

Viaxar é un pracer, xa o di a Consellaría, non só o di senón que o recomenda, en realidade é obrigatorio para reactivar a economía, se non o fas pois irás contra as normas que dita a propia Consellaría.

Esta comedia do absurdo fainos pensar sobre o noso papel coma turistas nesta sociedade onde todos temos que viaxar.

DURACIÓN: 15 MIN | AFORO: 15 PERSOAS
PÚBLICO: + 12 ANOS

Autor e director: Antón Coucheiro
Intérpretes: Dani Blanco e Antón Coucheiro



CACHARELA TEATRO

Actriz, chora

ESTREA
ABSOLUTA

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30

Sala de reunións Atener
Solucións Técnicas

(Rúa Camiño do Bosque, 6)

Alba e Irene son dúas actrices en paro que deciden facer un pitching ca esperanza de darse a coñecer e atopar traballo. No transcurso de expoñer as súas habilidades e aptitudes como intérpretes, a precariedade, os prexuízos e a concorrencia, racharán ca formalidade da presentación dando lugar ao caos.

Actriz, chora é unha peza que critica desde a comedia os estereotipos e os desafíos do sector artístico, en especial das mulleres novas. Todo vale por conseguir un papel? Pode a vocación máis que o diñeiro? Que papel cumpren as redes sociais na arte?

DURACIÓN: 20 MIN | AFORO: 15 PERSOAS
PÚBLICO: + 16 ANOS

Texto, creación e interpretación: Alba Nogueira e Irene Lorenzo



EP

EN PARALELO =

EN PARALELO =



ACTO DE PRESENTACIÓN DO PROGRAMA DO FIOT 2022

Coa participación da Aula de Teatro Municipal do Concello de Carballo

Por fin, compartiremos cos espectadores, cos socios da AC Telón e Aparte, co voluntariado do festival e coas institucións e entidades que nos apoian o programa que preparamos para esta celebración, a 31 edición.

A Aula de Teatro Municipal de Carballo, dirixida por Artur Trillo participará na presentación realizando unha intervención teatral.

Data: Mércores 14 de setembro
Hora: 20.00 h
Lugar: Pazo da Cultura
Recoméndase confirmar asistencia

30 ANOS DE MOFA E BEFA

> EXPOSICIÓN

O 28 de decembro de 1992, Mofa e Befaf asaltaron o escenario da Sala Nasa. Crearon un dúo de comedia contemporánea que non se parecía a nada. Acedos, incorrectos, desafiante corrixían estas corrosivas cualidades cunha especie de inocencia herdada dos pallasos.

Desde aquel momento, ocuparon todo tipo de territorios e espazos: concertos de rock, congresos de filosofía, vodas, e ás veces, tamén, teatros. Unha creatividade que transformou os produtos que se facían ao seu redor, facendo de Mofa e Befaf protagonistas da luminosa década dos 90 para o teatro galego.

A *Expo 30 anos de Mofa e Befaf*, permite evocar o percorrido destes dous monstros da escena que se atreveron a meterlle o dente a clásicos como Shakespeare e Rosalía de Castro.

Ás persoas que viron *Cociña Económica*, a *Expo 30 anos de Mofa e Befaf* permitiralles evocar o percorrido destes dous monstros da escena, que se atreveron con clásicos como Shakespeare, o século de ouro castelán e Rosalía de Castro. E as que aínda non os coñecen, terán agora a oportunidade de moderar a súa ignorancia.

Esta exposición está comisariada pola artista Natasha Lelenco, e conta con actividades de mediación con Rubén G. Pedrero, Piti Sanz e Quico Cadaval. A revisión lingüística é de Ana Triñanes e a unidade didáctica de Silvia García González.

Data: Do 6 de outubro ao 14 de novembro
Lugar: Andar -1 do Pazo da Cultura



> MURAL CONMEMORATIVO FIOT e Derrubando Muros

Unha vez máis, dous relevantes proxectos culturais únense para poñer en común a artistas das artes escénicas e das artes visuais. O proxecto de Arte Urbana de Carballo Derrubando Muros con Pintura participará tamén nos actos conmemorativos, que acolle o festival nun programa especial arredor do 30 aniversario de Mofa e Befaf, coa creación dun mural asinado polo artista galego Yoseba MP.

Este artista urbano é un dos máximos expoñentes da pintura contemporánea en Galicia, de marcado estilo realista, que plasma escenas cotiás, a través dunha pincelada moi suxestiva e de forte influencia fotográfica.

Data: primeira semana de outubro
Promove: Concellaría de Turismo

DERRUBANDO Muros
CON PINTURA
Arte Urbana de Carballo

carballo
turismo

EN PARALELO =



ZOOM FIOT

> ZOOM FIOT 2022

Proxecto fotográfico sobre o FIOT, que se realiza desde hai sete anos, no que varios fotógrafos convidados realizarán unha reportaxe durante un día, achegando o seu obxectivo ao Festival para captar a actividade que permanece oculta ao público (montaxe, ensaios, maquillaxe, vestiario...). Con este traballo realizarase unha exposición que formará parte do programa da seguinte edición.

> EXPOSICIÓN ZOOM FIOT 2021

Selección de imaxes que se realizaron nalgún dos espectáculos do FIOT 2021 dentro do Proxecto fotográfico Zoom FIOT, no que 6 fotógrafos tomaron instantáneas da cara oculta do Festival.

Os fotógrafos participantes nesta mostra son: Esther Chamoso, Fernando Nieto, José Antonio Andrade, José Luis Castro, María Barca e Melina Regueira.

Data: Do 1 de outubro ao 14 de novembro
Lugar: Andar 0 do Pazo da Cultura



PROGRAMA ESPECIAL DO FIOT PARA NENOS E NENAS



ESTREA
ABSOLUTA

> 30 SET | 18.00 h

PEDRAS DE CARTÓN

Os contos de William Shakespeare

Unha obra para ver e escoitar de preto. Unha delirante serie de contos de William Shakespeare adaptados para toda a familia, a través da mestura de comedia, narración oral, o teatro de obxectos e as instalacións artísticas. Ven descubrir como eran as vellas barracas de feira con curiosos artefactos. Esta compañía, creada hai só uns anos polo actor e director Fran Rodríguez, cunha longa experiencia en teatro para os máis pequenos, xa gañou o Premio Barroco Infantil no Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro coa súa anterior peza.

DURACIÓN: 40 MIN | A PARTIR DE 4 ANOS
BIBLIOTECA REGO DA BALSA

Propostas moi especiais para fomentar o amor polo teatro nos máis pequenos, creación sonora dende as ondas como o veterano Concurso de Teatro Lido, espectáculos dirixidos a público familiar como *Os contos de William Shakespeare*, a Gala NOGA de Narración, a estrea de *Wombo Combo*, ou a ampla oferta de espectáculos de Teatro de Rúa cos que os máis pequeno gozarán.



> 2 OUT | 12.30 h

GALA NOGA DE NARRACIÓN ORAL PARA PÚBLICO FAMILIAR

Algúns dos mellores narradores para cativos argallan unha divertida mañá de contos. Se queres descubrir quen son, terás que achegarte ao Mercado. Función colectiva de narradoras e narradores membros do Colectivo Noga, que agrupa a medio cento de profesionais galegos que nos agasallan con esta gala tan especial.

MERCADO MUNICIPAL

TEATRO DE RÚA

A cativada tamén unha cita co Teatro de Rúa para gozar ao aire libre, e de balde, do circo da música, do humor e dos obxectos máis increíbles.

V 30 set: COMPAÑÍA D'ES TRO. *Poi*
V 7 out: JAVIER ARIZA. *Carman*
V 14 out: FRAN BOZA. *Malabarabilidades*

PRAZA DO CONCELLO (+info nas páxinas 19, 20 e 21)

2 OUT | 18.00 h

GALEATRO Wombo Combo

ESTREA
ABSOLUTA

COPRODU-
CIÓN FIOT

Sara odia a súa vida, ou polo menos a que chaman a súa vida real: non ten case amigas/os, búrlanse do seu aspecto, non é brillante nos estudos... Pero Sara ten outra vida, na que xoga en liña con ducias de persoas e é invencible nas loitas. Pasa cada vez máis tempo nesa vida virtual. Ata que entra nun videoxogo novo.

A nova obra de Galeatro achéganos ao acoso escolar e tamén nos sumerxe na realidade virtual que invade cada vez máis a vida da rapazada. É un mundo moi atractivo e suxestivo, pero, que pasa cando este substitúe ao real?

Para o FIOT é un pracer acompañar de novo á primeira compañía de teatro profesional carballesa na produción deste último espectáculo e ofrecerllo en primicia ao noso público familiar. Paula Carballeira, referente galego no teatro infantil, é autora deste texto creado para Galeatro.

Intérpretes: Alba Bermúdez, Tone Martínez e Mario Rodríguez
Deseño vestuario e espazo escénico: Anahí Taraburelli
Deseño espazo sonoro: Davide Gonzalez
Iluminación: Nacho Martín
Dramaturxia: Paula Carballeira
Dirección: Davide González



PREZO DA ENTRADA: 5 € | DURACIÓN: 50 MIN | A PARTIR DE 5 ANOS

O AVATAR FAI O QUE TI NON PODES
FACER, PERO SEGUIES SENDO TI, SÓ QUE
MOITO MELLOR. NOUTRA REALIDADE.

> 28 E 29 SET | 11.30 h

PREESTREA DE WOMBO COMBO PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

Os escolares serán os primeiros e especiais espectadores que coñecerán a dobre vida de Sara, a protagonista.

PAZO DA CULTURA



XXI CONCURSO ESCOLAR DE TEATRO LIDO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Proposta moi especial para vivir o teatro doutro xeito.

As voces de nenos/as e mozas/os levarán o teatro aos fogares de todos os recunchos de Bergantiños a través das redes sociais e as ondas radiofónicas. Co apoio dos centros escolares de primaria e secundaria de toda a comarca e coa finalidade de promover o teatro entre a rapazada para favorecer o seu achegamento a través da lectura dramatizada, que xa vai pola XXI edición. E en consonancia cos novos tempos, mediante a gravación dun arquivo de vídeo da súa lectura, poderase visualizar a participación de todos os grupos a través das redes sociais do Festival.

Un xurado realizará unha selección dos traballos que gozarán da experiencia radiofónica nos estudos profesionais de Radio Voz Bergantiños. De dita gravación saíran os finalistas, que volverán a representar a súa obra nunha gala final onde o xurado fallará os premios patrocinados por Librería Brañas Verdes.

Organiza: AC Telón e Aparte

Colabora: Radio Voz Bergantiños e Librería Brañas Verdes

Gala final e acto de entrega de premios: Pazo da Cultura, domingo 13 de novembro



FIOT ESPECIAL PARA ADOLESCENTES

O FIoT ten un compromiso especial coa mocidade. Botámola en falta e queremos transmitirle a paixón polo teatro. Desde hai cinco anos, o FIoTEEN é a canle para saír na súa procura.

Este ciclo está confeccionado á súa -á vosa- medida con espectáculos exclusivos para eles, arredor da súa realidade e intereses; con primicias das coproducións nas que participamos; e cos accións cotiás nun dos seus contornos principais, os centros de ensino secundario, presentándolle a programación ordinaria do festival que por temática, enfoque ou formato lles poida ser máis afín.

A complicidade dos centros de ensino é esencial para facilitar o noso achegamento, e queremos agradecerlles a súa implicación.

Para mellorar a súa accesibilidade, as propostas específicas teñen carácter gratuíto e nas do resto do programa poderán acollerse a prezos especiais.

Non perdades a oportunidade de atoparvos co teatro na barra dun bar, de asombrarvos e rir co circo na rúa, de vivir unha experiencia insólita no mesmísimo despacho do alcalde ou gozar de grandes espectáculos. E coma sempre, poderedes poñer a proba as vosas dotes escénicas no singular Concurso de Teatro Lido. Imposible non atopar algo que vos interese.

Estate atentos ás redes, que haberá sorpresas!



GALEATRO TEATRO Accións teatrais nos institutos

Coa alianza dos institutos, manterémolos informados de todo o que pasa no FIoT a través da compañía Galeatro, que visitará periodicamente os centros de ensino con pímulas informativas para presentar os espectáculos.

Intérpretes: Alba Bermúdez e Tone Martínez

Lugar: Centros de Educación Secundaria de Carballo

Dirixido a: alumnado



PREESTREA

XOVES 6 OUT | 11.00 H MOFA E BEFA > Pirolíticos

O alumnado de secundaria terá a oportunidade de coñecer en primicia este espectáculo de humor gamberro que trata sobre o impacto do patriarcado e como acceder á "Guía rápida para unha correcta pirólise".

Ao remate da función haberá un encontro coa compañía.

Máis información na páxina 5.

PAZO DA CULTURA | 85 MIN

M 18 OUT / 11.00 h

Rebordelos (Galicia) Amantis

SELFIES,
SEXTING
E OUTRAS
FORMAS DE
AMAR (SE).



AUDITORIO PAZO DA CULTURA | 60 MIN

M., un mozo de barrio obreiro que quere ser influencer, amado, aceptado. Nese camiño atoparase coas trampas dun universo intanxible no que non todo é o que parece e no que descubrirá que el tampouco é quen pensaba ser.

Con humor e música, a peza explora nesta obra a brecha xeracional entre nativos e non nativos dixitais, intentando comprender como inflúen as redes sociais, o selfie e o sexting, a igualdade e as novas masculinidades na formación da identidade propia e nas relacións interpersoais.

Roque Ruiz, un novo pero xa popular actor do audiovisual, achéganos á adolescencia da denominada Xeración Z e trasládanos unha ollada optimista, aceda e sen prexuízos sobre as linguaxes dixitais e as novas formas de relacionarnos.

Intérprete: Roque Ruiz

Vestuario: Melania Freire

Deseño de son: Jas Processor

Música: creación propia

Espazo escénico e iluminación: José Faro

Autoría: Tamara Canosa e Xacio Baño

Dirección: Tamara Canosa



III ENCONTRO NOGA: A ASAMBLEA CONSTITUÍENTE

O Colectivo NOGA (Narración Oral Galega) é a asociación que acolle aos profesionais da narración oral en Galicia e en galego. Falamos aquí de case medio cento de artistas que percorren a nosa xeografía (e non só a nosa) levando nos seus espectáculos todo o que sexa digno de ser contado e escoitado: contos, lendas, tradicións, feitos históricos, textos literarios, vidas e obras...

Nos últimos anos, malia á pandemia, estiveron atopándose, xuntándose, reagrupándose, entendéndose... Desta volta veñen a formalizar que son familia e un colectivo moi diverso arredor da palabra contada cunha voz común.

Con esa intención, os días 1 e 2 de outubro, baixo o paraugas do FIOT, terán lugar dúas xornadas de encontro e traballo nas que se celebrará a Asemblea Constituínte da asociación, e que culminará nunha gala de narración oral para público familiar.

Data: Sáb 1 out
Lugar: Pazo da Cultura
> 11.00 h
Asamblea Constituínte da Asociación Cultural, Social e Educativa Galega de Narración Oral "NOGA"
> 17.00 h
Coas mans na masa- Grupos de traballo

Data: Dom 2 out
Lugar: Mercado Municipal
> 12.30 h
Gala NOGA de Narración Oral para público familiar
Función colectiva



ENCONTRO DO FIOT CO ALUMNADO E PROFESORADO DO CURSO UNIVERSITARIO DE EXPERTO DE XESTIÓN CULTURAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Encontro co alumnado e profesorado do Curso Universitario de *Experto de Xestión Cultural* da Universidade de Santiago de Compostela, no que se presentará o proxecto do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo: unha retrospectiva das 31 edicións do FIOT coa mirada posta no futuro do festival do Outono de Galicia.

Data: Sábado, 22 de outubro
Hora: Pola mañá
Lugar: Pazo da Cultura
Colabora: Universidade de Santiago de Compostela



XORNADAS PROFESIONAIS ESCENA GALEGA

Un ano máis a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas volve a escoller o FIOT para realizar as súas xornadas profesionais anuais. O festival acolle este espazo de diálogo e traballo da principal estrutura creativa e de produción das artes escénicas de Galicia, na que participarán axentes escénicos de referencia de todos os eidos do sector.

Trátase dunha xornada de reflexión e traballo sobre os retos aos que se enfrenta o noso sector escénico profesional.

Para pechar a xornada de traballo o monoloxista Celso Sanmartín realizará un dos seus espectáculos.

Data: Xoves 27 de outubro
Hora: Durante todo o día
> 19.30 h: Monólogo Celso Sanmartín
Lugar: Salón de Actos do Pazo da Cultura



PREMIO DO PÚBLICO OUTONO DE TEATRO 2022

Participa na programación de vindeiras edicións do FIOT expresando a túa opinión sobre os espectáculos. Puntúa cada espectáculo e convidaremos a formar parte dunha futura edición cun novo espectáculo á compañía que reciba a mellor puntuación dos espectadores.

Na pasada edición o gañador foi o espectáculo *Cigarreiras* producido por Contraproducións, Teatre Romea, Histrión Teatro e Encaro Factory, cunha puntuación de 9,32 puntos sobre 10.

EN PARALELO =



ONDA FIOT

A nova iniciativa dixital do festival!

Nun afán sempre inqueda, hai moito tempo que o FIOT explora o teatro sonoro e, nese contexto, a radio e o festival sempre tiveron un vínculo moi especial. Tanto é así que unha liña específica da súa programación é o certame do Teatro Lido que neste 2022 celebrará 21 anos.

A incorporación das novas tecnoloxías no mundo das artes abriu novos campos para achegar o feito artístico ao público. En plena pandemia, no ano 2020, FIOT marcou un fito no panorama escénico galego coa creación do FIOT Fónico, unha proposta innovadora, producida polo propio festival, con equipos artísticos de primeiro nivel, con presenza de autores e intérpretes da comarca, que supuxo a posibilidade de gozar da escoita dunha obra de teatro a través dun dispositivo móbil. No #FIOT31, este proxecto continúa cun novo espectáculo e retoma deste xeito dúas iniciativas abertas á cidadanía.

Agora, decidimos potenciar e conferirlle unha identidade propia a esta inquedanza e interese do FIOT polos formatos sonoros e os dixitais, coa creación de ONDA FIOT. Nesta iniciativa pretendemos agrupar e xerar os diferentes proxectos que foron xurdindo nestes anos e configurar un novo programa que lle dea forma e visibilidade ao que consideramos un signo característico noso, que enriquece o noso programa expansivo.

Nas nosas cabezas bulen moitas iniciativas que se suman a esta onda, pero somos de medrar paseniño e, polo momento, darémoslle forma ao proxecto dándolle un lugar propio ao **Concurso de Teatro Lido**, creando un arquivo sonoro coas creacións dos nosos teatreiros máis miúdos e máis próximos; os primeiros cos que exploramos este ámbito.

Por suposto, esta será a casa das obras do **FIOT Fónico**. Este ano repousamos na labor de creación, pero creamos este lugar de referencia para que estean accesibles e dispoñibles de maneira estable, para que o teatro poida acompañarnos nos paseos que realicemos por Carballo en calquera momento, carballeses ou visitantes, e descubramos mundos ocultos na nosa vila.



FIOT Fónico
FICCIÓN SONORA

EN PARALELO =



E no 2022 crearemos un novo proxecto, no que integramos outro ben querido e no que tamén fomos pioneiros, a **Escola do Espectador**. Afondamos máis nesta actividade de formación de públicos no seu apartado correspondente, pero, basicamente, ampliamos a súa dimensión desde a presencial e física ata a sonora, realizando un **podcast** de cada sesión, para que se archive e poida usar como un recurso accesible en calquera lugar ou momento polas fioteiras e fioteiros ou por outros públicos interesados na nosa programación ou en continuar afondando sobre o mundo do teatro.

Un bo e apetecible fondo que estará dispoñible na web oficial do festival www.fiot.gal así como noutras plataformas dixitais.

ESCOLA DO ESPECTADOR NAS ONDAS

Este proxecto, que pretende facilitar as claves para promover a comprensión e a análise dos espectáculos, pasou por diferentes formatos ao longo da súa traxectoria, hai xa máis dunha década.

Unindo os nosos intereses na formación dos públicos e no uso dos novos medios dixitais e nos novos hábitos, creamos unha proposta diferente que seguro enriquecerá a nosa mirada, neste 2022. O FIOT incorporará unha nova liña de encontros entre xornalistas especializados en artes escénicas e en formato podcast, gravados en vivo en Carballo.

A iniciativa permitirá non só xerar contidos específicos e de análise sobre a

programación desta 31ª edición, senón crear un novo espazo de convivencia entre público e artistas, alén dos habituais "Cafés con..."; así como novas vías de difusión do coñecemento vinculados á "Escola do Espectador". Estes podcast serán conversas máis alá das dramaturxias, guiadas por expertos do sector que permitirán xerar, desde a proximidade, un arquivo que documente estes encontros celebrados no marco do festival, e que darán boa conta do espírito reflexivo, crítico e contemporáneo do FIOT. Estes podcast gravaranse en vivo durante as fins de semana de programación do mes de outubro. Serán 4 episodios, cada un cunha temática específica das liñas xerais do festival. Estarán dispoñibles, baixo o paraugas "OndaFIOT", na web oficial do festival www.fiot.gal así como noutras plataformas dixitais.

Iremos informando na web e nas redes do festival, pero as convidadas e convidados serán un luxo que deberas disfrutar. 100% selo FIOT.

EN PARALELO =



CAFÉ CON...

Un agradable espazo de comunicación entre os equipos artísticos das compañías e os espectadores para coñecerse tomando un café.

Este encontro pretende aproximarnos ao proceso creativo, á linguaxe e aos códigos de interpretación dun espectáculo, amosando de primeira man o proxecto artístico da compañía e da obra, resolvendo dúbidas e curiosidades ou intercambiando opinións.

Celebrase os días de función do Programa de Sala, se as circunstancias das compañías e da montaxe dos espectáculos o permiten.

Lugar e datas de celebración e hora: faranse públicas a través da páxina web do festival.

Organiza: AC Telón e Aparte

Lugar: Pazo da Cultura



Aberto a todos os espectadores sen necesidade de inscrición previa (ata completar o aforo dispoñible)



CREANDO TEATRO: Coproducións, residencias artísticas e estreas do FIOT

Coa vontade de ir un paso máis alá da difusión e dinamización teatral, o FIOT manifesta a súa inqueda pola creación escénica colaborando con compañías na xeración de propostas, implicándose na súa produción ou residencia, ou ofrecendo o seu marco para a presentación e estrea de espectáculos.

Este ano, temos a sorte de participar como co-produtores en dous espectáculos, de compañías moi especiais para nós:

- *Pirolíticos* de **Mofa e Befá**, dúo entrañable formado por dous dos nosos Xograres, Victor Mosqueira e Evaristo Calvo, esta vez dirixidos por tres mulleres.

- *Wombo Combo* de **Galeatro**, primeira compañía de teatro profesional carballea que volve a ofrecer en primicia o seu novo espectáculo para público familiar.

A estas dúas estreas absolutas, que ademais farán residencia artística e técnica no Pazo da Cultura, hai que sumar a residencia da compañía catalá **Titzina Teatro**, co seu novo espectáculo *Búho*.


EN PARALELO =

O FIOT segue potenciando as relacións cos distintos colectivos do mundo teatral acollendo diversas actividades ao longo do Festival, acollendo as Xornadas Profesionais Escena Galega 2022 da Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas; o III Encontro do Colectivo NOGA, ou o *work in progress* do espectáculo *¿Podemos hablar de Caetano?*, de Natalia Fernandes, froito da residencia artística realizada no Pazo da Cultura a través da colaboración co programa Residencias Paraíso impulsado por RPM.

O Certame de Micro-Escenas M², convocado pola AC Telón e Aparte, é un dos piares do apoio á creación, co que pretendemos detectar e facer visibles a creadores emerxentes que investigan novos formatos e espazos de teatro.

Na 31 edición do FIOT presentamos 17 estreas, das que 8 son absolutas e 9 en Galicia, 6 delas no Programa de Sala.

Agardamos que estas colaboracións sexan experiencias tan positivas como as de edicións anteriores e que continúen a traernos novas satisfaccións.



VOLUNTARIADO FIOT

O FIOT conta desde hai unha ducia de anos cun programa de voluntariado que implica a numerosos afeccionados ao teatro no desenvolvemento do festival.

Se ti tamén queres formar parte desta gran familia, lembra que aínda estás a tempo de unirse ao noso fantástico equipo para lograr que o Festival sexa mellor cada edición.

Para coñecer por dentro un dos festivais de referencia en Galicia e compartir o teu gusto polo teatro con nós, entra en fiot.gal ou chama ao 981 704 300.

Moitas grazas a todos pola vosa imprescindible implicación.

Conéctate!



#procuramosousados

Evaristo Calvo



Un novo xograr súmase á comunidade de honra do FIOT, que ano tras ano segue medrando co único propósito de poñer en valor e recoñecer a traxectoria profesional de figuras imprescindibles do sector cultural galego: Evaristo Calvo.

Con este galardón, os xograres e xograresas do FIOT queren premiar a un cómico de raza, un histrión de carácter e selo propio que, coa súa peculiar enerxía interpretativa, agudeza creativa e dilatado oficio, leva dando vida ás máis inesquecibles e orixinais criaturas escénicas, ata converterse por dereito propio nun referente do teatro en Galicia.

Dedicado ao teatro desde os anos 80 e con máis de 30 espectáculos ás súas costas, participando en compañías importantes como Ollomoltranvía, Centro Dramático Galego, Teatro do Aquí, Contraproducións, entre outras. Ademais da súa faceta como actor tamén participa en cine e televisión, e director de espectáculos de Berrobambán e Tanxarina. No seu palmarés figuran dous premios María Casares: un ao Mellor Actor Secundario (*Anxeliños*) e outro á Mellor Dirección (*Qui pro Quo*).

GALARDÓNS ANTERIORES

Este nomeamento honorífico do Festival Internacional Outono de Teatro recoñece a unha persoa ou entidade que destaque pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. A elección do galardoador/a correspóndelle aos anteriores Xograres de Outono e á AC Telón e Aparte. En edicións pasadas xa foron merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárcena, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago "Kukas", Alberto Gende, Xosé Manuel Olveira "Pico", Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán", Susana Dans, Miguel de Lira, Mónica Camaño, Manuel Lourenzo, Patricia de Lorenzo, Carlos Alonso e Casilda Alfaro.



O 31 FIOT inicia un novo proxecto co que o festival quere amosar o seu compromiso coa sustentabilidade, cun comportamento ético e socialmente responsable.

Sempre quixemos ser algo máis que un evento e reivindicamos a potencialidade do noso festival como xerador de redes e de vínculos coa comunidade, como promotor do desenvolvemento das persoas e do territorio. De Carballo, como o máis próximo, e do ecosistema das artes escénicas galegas, no que tamén pretendemos desempeñar un papel dinamizador.

Cremos que os proxectos FIOT reflicten este espírito e están en liña cos desafíos que na actualidade rexen as prioridades e formas de actuación a nivel mundial, que se recollen na Axenda 2030.

Mostras de longa traxectoria do noso compromiso social son a temática que cada ano escollemos como elemento de reflexión sobre a realidade, a implicación coa igualdade de xénero (tamén na configuración do equipo organizativo) e a visibilidade da muller e das súas problemáticas, o achegamento á mocidade ou o programa de voluntariado.

Por outra parte, o énfase na utilización de recursos dixitais e en liña, a potenciación da páxina web e das redes sociais, e a redución paulatina no uso do papel en programas, información, entradas ou votacións son algunhas das medidas postas en marcha nos últimos

anos encamiñadas á utilización de recursos máis accesibles económica e medioambientalmente máis responsables.

**COMPROMETÉMONOS A
DESENVOLVER UN PLAN DE NOVAS
ACTUACIÓNS CONCRETAS QUE
AMPLÍEN A REPERCUSIÓN DA NOSA
ACCIÓN NA SUSTENTABILIDADE.**

Agora, comprometémonos a desenvolver un plan de novas actuacións concretas que amplíen a repercusión da nosa acción na sustentabilidade, e en particular, na inclusión. Con modestia, pero con ambición de ir avanzando, incorporamos tres espectáculos nos que se teñen en conta as necesidades das persoas con discapacidade auditiva: unha obra creada para ser narrada simultaneamente de forma oral e con lingua de signos (*Contar polos dedos*, de Quico Cadaval e Chusa); outra que contará con tradución simultánea a lingua de signos (*Habito Terra*, de Vicente Mohedano), e dous máis nos que, previa solicitude, estará dispoñible un dispositivo de lazo magnético, que poderán usar as persoas portadoras de audiófonos.



VENDA DE ENTRADAS



> PREZOS (gastos de xestión non incluídos)

PROGRAMA DE SALA

> BONOS: 80 € / 75 €

Poñeranse á venda un total de 200 bonos para asistir ás funcións dos días 7, 15, 16, 21, 22, 29 30 e 31 de outubro.

80 €: prezo ordinario

75 €: prezo reducido (estudantes con carné de estudante, maiores de 60 anos, menores de 18 anos e parados, deberá acreditarse debidamente esta circunstancia especial do prezo reducido no acceso ao espectáculo).

> ENTRADAS: 10 € / 12 € / 15 €

10 €: Mofa e Befá (8 out), Titzina Teatro (15 out), Leo Bassi (16 out), Compañía Sambuseck (21 out), El Pont Flotant (22 out).

12 €: Teatro Español e Buxman Producciones (29 out)

15 €: Avance P.T. e Entrecajas P.T. (30 out), CDG e Ainé Producións (31 out).

CICLO OTNI

> ENTRADAS: 5 €

La Caja Flotante (8 out), David Espinosa (14 out), Amor Total (23 out), Grupo Chévere (28 out).

CERTAME DE MICRO-ESCENAS M²

> ENTRADAS GRATUÍTAS

Recoméndase reserva no correo

fiot.microteatroentrada@gmail.com.

Inicio da reserva martes 27 de setembro.

Sesións: ver programa detallado nas

páxinas 31-34.

RÚA DOS CONTOS

> BONO: 26 €

Poñeranse á venda un total de 30 bonos para asistir ás funcións:

Good Sex Maritxu (8 de out), Pablo Meixe e Adrián do Regenco (15 de out), Quico Cadaval e Chusa (22 de out), Óscar Terol (29 de out).

> ENTRADAS: 4 € / 8 € / 10 €

10 €: Good Sex Maritxu (8 out).

8 €: Pablo Meixe e Adrián do Regenco (15 out), Quico Cadaval e Chusa (22 out), Óscar Terol (29 out).

4 €: Alberte Montes (30 set), Marta Doviro (30 set), Gala homenaxe a Pedro Brandariz (1 out), Blues do País (1 out), Marta Iglesias e Tito Rober (2 out), Vicente Mohedano (2 out).

FIOT EN RUTA

> ENTRADAS: 5 €

Berrobambán (9 out) e Empatía (12 out).



- O uso de máscara é voluntario.
- Contéplase a limpeza do auditorio antes de cada función así como medidas hixiénicas no sistema de ventilación.

- Prégase puntualidade. A partir do inicio da función, o bono ou a entrada non garantirá o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade.

- A apertura de portas será 15 minutos antes do inicio da función.
- Se por razóns de produción, tiveran que ser ocupadas algunhas localidades, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado.

- As entradas ou bonos non poderán ser cambiados nin reembolsados, a excepción da cancelación do espectáculo.

- Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e de non perturbar o bo desenvolvemento da función, non se permite fotografar, filmar ou gravar no interior da sala, sen a autorización expresa da organización e do artista.

- Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles.

> PUNTOS E DATAS DE VENDA

> VENDA ANTICIPADA

www.ataquilla.com | www.fiot.gal
www.facebook.com/festivalFIOT

> BONOS (Programación de sala)

- SOCIOS AC TELÓN E APARTE: Do martes 20 ao domingo 25 de setembro
- PÚBLICO EN XERAL: A partir do martes 27 de setembro.

> BONOS RÚA DOS CONTOS

- A partir do mércores 21 de setembro.

> ENTRADAS SOLTAS

(Programación Sala, OTNI, FIOT en Ruta)
- Desde o martes 27 de setembro ata o día antes de cada función.

> FUNCIÓNS EN LOCAIS DE HOSTALARÍA CON ENTRADA

- A partir do mércores 21 de setembro nos propios locais ou en www.ataquilla.com

> VENDA O DÍA DA FUNCIÓN

Na billeteira habilitada no espazo da función **desde 90 minutos antes do seu inicio** (gastos de xestión incluídos).

LOCALIZACIÓNS:

Mercado Municipal. Pza. Concello, s/n | Rúa Gran Vía, s/n
Casino 1889. Rúa Vázquez de Parga, 1
Mesón do Pulpo. Avda. Fisterra, 23
Taberna O Patacón. Rúa Ourense, 19
Residencia maiores. Carballo. Praza de Vigo, 11
Cafetería Valle Inclán. Rúa Valle Inclán, 2
Centro social de Verdillo. A Garrida, 19
Centro social de Ardaña. Lugar da Igrexa, s/n
Estudio de fotografía Criss Becerra. Rúa Poñente, 28
Ponte Parque do Anllóns. Rúa Luís Calvo (baixo a ponte)
Escapate Zocas. Rúa do Hórreo, 7
Despacho do alcalde. Praza do Concello, s/n
Sala reunións ATENER Solucións Técnicas. Rúa Camiño do Bosque, 6

AGRADECIMENTOS: Brigada Municipal de Obras, Policía Local, Servizo Municipal e Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil, Voluntariado do FIOT e Centros educativos de Carballo e da comarca de Bergantiños, AC e X. Arume, AC Torre Vixia, O Alprende de Oza e AV Santa María de Ardaña.

RRSS

REDES SOCIAIS

festivalFiot
 @FiotCarballo
 @fiotcarballo
 @FIOT Carballo
 www.tiktok.com/@fiotcarballo
 fiot@fiot.gal
www.fiot.gal

Festival membro de:



Sede do Festival

Rúa do Pan, s/n | Carballo | T 981 70 43 00



Coordenadas GPS:

Latitude 43.211702 | Lonxitude -8.695394

O FIOT, UN FESTIVAL ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN CULTURAL TELÓN E APARTE E O CONCELLO DE CARBALLO.

Dirección: Alberto Sueiro Pastoriza, presidente da AC Telón e Aparte

Concelleiro de Cultura: Marcos Trigo Facal

Dirección Artística e coordinación: María del Carmen Castro Pombo

Adxunta Dirección Artística, Producción e

Formación de públicos: María José Martínez Veira

Administración e xestión financeira: Yolanda

Abelenda Pardiñas

Coordinación de Actividades Paralelas: Xiana

Márquez Antelo

Rúa dos Contos: José Antonio Rodríguez Lista e

Javier Varela Golán

Coordinación do voluntariado: Nuria Cortés

Bernárdez

Auxiliar de produción: Yolanda Antelo Cameán

Coordinación Certame Microescenas: Alba

Bermúdez Iglesias

Deseño do cartel e programa: Gende Estudio

Comunicación e prensa: The Office Comunicación

Servizo técnico: Sonpress

Contabilidade e control externo: Alea Asesores

CALENDARIO de funcións

28-29 SET

FIOTIÑO

GALEATRO

Wombo Combo
Auditorio Pazo da Cultura
18.00 h | Función escolar

VENRES 30 SET

FIOTIÑO

PEDRAS DE CARTÓN

Os contos de William
Shakespeare
Biblioteca Rego da Balsa
18.00 h

TEATRO DE RÚA

CIA. D'ES TRO

Poi
Praza do Concello
19.30 h

RÚA DOS CONTOS

ALBERTE MONTES

Patrón
Casino 1889
21.00 h | 4 €

RÚA DOS CONTOS

MARTA DOVIRO

Memorias dunha rapasa da
costa
Mesón do Pulpo
23.00 h | 4 €

SÁBADO 1 OUT

RÚA DOS CONTOS

GALA HOMENAXE PEDRO BRANDARIZ

Mercado Municipal
21.00 h | 4 €

RÚA DOS CONTOS

BLUES DO PAÍS

O Patacón
23.30 h | 4 €

DOMINGO 2 OUT

FIOTIÑO

GALA NARRACIÓN ORAL NOGA

Mercado Municipal
12.30 h | Entrada libre

FIOTIÑO

GALEATRO

Wombo Combo
Auditorio Pazo da Cultura
18.00 h | 5 €

RÚA DOS CONTOS

MARTA IGLESIAS

3...2...1... Impro (versión curta)
Residencia maiores de
Carballo
17.30 h | Entrada libre

RÚA DOS CONTOS

MARTA IGLESIAS E TITO

ROBER 3...2...1... Impro
Cafetaría Valle Inclán
20.00 h | 4 €

RÚA DOS CONTOS

VICENTE MOHEDANO

Habito terra
Casino 1889
22.00 h | 4 €

XOVES 6 OUT

FIOTEEN

MOFA E BEFA

Pirrolíticos
Auditorio Pazo da Cultura
11.00 h

VENRES 7 OUT

TEATRO DE RÚA

JAVIER ARIZA

Carman
Praza do Concello
19.30 h

PROGRAMA DE SALA

MOFA E BEFA

Pirrolíticos
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 10 €

SÁBADO 8 OUT

PROGRAMA DE SALA

MOFA E BEFA

Pirrolíticos
Auditorio Pazo da Cultura
20.30 h | 10 €

OTNI

LA CAJA FLOTANTE

Beautiful stranger
Salón de actos do Pazo da
Cultura
20.45 h | 5 €

RÚA DOS CONTOS

GOOD SEX MARITXU

SEXperiencias en clave de
humor
Mercado Municipal
23.00 h | 10 €

DOMINGO 9 OUT

FIOT EN RUTA

BERROBAMBÁN

Facer memoria
Centro Social Verdillo
19.00 h | 5 €

MÉRCORES 12 OUT

FIOT EN RUTA

EMPATÍA TEATRO

Esas cousas maravillosas
Centro Social Ardaña
19.00 h | 5 €

VENRES 14 OUT

TEATRO DE RÚA

FRAN BOZA

Malabarabilidades
Praza do Concello
19.30 h

OTNI

DAVID ESPINOSA

Conferencia espectacular
Salón de actos do Pazo da
Cultura
21.00 h | 5 €

SÁBADO 15 OUT

M²

COLECTIVO

#CHAMIZOBELLOVILA

Menú-do día
Mercado Municipal (Andar 0)
Entrada gratuíta | Acceso
limitado

M²

SR. LILI

Cinecleta, cinema doméstico
a pedais
Estudio de fotografía Criss
Becerra
Entrada gratuíta | Acceso
limitado

PROGRAMA DE SALA

TITZINA TEATRO

Búho
Auditorio Pazo da Cultura
20.30 h | 10 €

RÚA DOS CONTOS

PABLO MEIXE

Quen aguanta isto?
ADRIÁN DO REGENCO
Así son
Mercado Municipal
23.00 h | 8 €

DOMINGO 16 OUT

PROGRAMA DE SALA

LEO BASSI

70 años: Leo Bassi
Auditorio Pazo da Cultura
20.30 h | 10 €

MARTES 18 OUT

FIOTEEN

REBORDELOS

Amantis
Auditorio Pazo da Cultura
11.00 h | Función escolar

XOVES 20 OUT

OTNI (WORK IN PROGRESS)

NATALIA FERNANDES

¿Podemos hablar de Caetano?
Salón de actos do Pazo da
Cultura
20.30 h | Entrada gratuíta

VENRES 21 OUT

PROGRAMA DE SALA

COMPANHIA SAMBUSECK

Impalpable
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 10 €

SÁBADO 22 OUT

M²

COMPANHIA ÁNXELA BLANCO

Xeografía dos corpos
Ponte do Parque do Anllóns
Entrada gratuíta | Acceso
limitado

M²

MÓNICA PARADELA

Homeless
Escaparate Zocas
Entrada gratuíta | Acceso
limitado

PROGRAMA DE SALA

PONT FLOTANT

Eclipse total
Auditorio Pazo da Cultura
20.30 h | 10 €

RÚA DOS CONTOS

QUICO CADAVAL E CHUSA

Contando polos dedos
Mercado Municipal
23.00 h | 8 €

DOMINGO 23 OUT

OTNI

AMOR TOTAL

Freak
Auditorio Pazo da Cultura
20.30 h | 5 €

XOVES 27 OUT

XORNADAS PROFESIONAIS DE ESCENA

GALEGA 2022

Monólogo de CELSO

SANMARTÍN
Pazo da Cultura | 19.30 h

VENRES 28 OUT

OTNI

GRUPO CHÉVERE

Pequenas mentiras para
contar grandes verdades
Salón de actos do Pazo da
Cultura
21.00 h | 5 €

SÁBADO 29 OUT

M²

ASSIRCÓPATAS

Viaxar é un procer
Despacho do alcalde
Entrada gratuíta | Acceso
limitado

M²

CACHARELA TEATRO

Actriz, chora
Sala de reunións Atener
Solucións Técnicas
Entrada gratuíta | Acceso
limitado

PROGRAMA DE SALA

BUXMAN PRODUCCIONES E TEATRO ESPAÑOL

La voluntad de crear
Auditorio Pazo da Cultura
20.30 h | 12 €

RÚA DOS CONTOS

ÓSCAR TEROL

Mundo para lellos
Mercado Municipal
23.00 h | 8 €

DOMINGO 30 OUT

PROGRAMA DE SALA

AVANCE P.T. E ENTRECAJAS P.T.

Silencio
Auditorio Pazo da Cultura
20.30 h | 15 €

LUNS 31 OUT

PROGRAMA DE SALA

CDG E AINÉ PRODUCCIONS

Recortes, caneos e outras
formas de driblar
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 15 €

[+ info en fiot.gal](http://+info.en.fiot.gal)

fiot

CARBALLO

PREMIO DA
CULTURA
GALEGA 2018



www.fiot.gal |



ORGANIZAN:



AC Telón e Aparte



PATROCINAN:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21:22



Deputación
DA CORUÑA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA
Y DEPORTE

inaem

INSTITUTO NACIONAL DE ENLACE DE LA CULTURA

Fundación

Luis Calvo Sanz

COA COLABORACIÓN DE:



camino
escena
norte



Escena Galega

NOGA
NARRACION ORAL GALEGA

